



Proposta de actividade: *A expresión escrita e oral nos Niveis C*

Destinatarios:

Alumnado oficial do curso 2020-2021 dos niveis C1 e C2 da EOI de Vilagarcía

Obxectivos:

- Mellorar as técnicas de planificación e creación de textos orais e escritos .
- Mellorar a capacidade de produción de textos orais e escritos .
- Aprender a diferenciar entre a mediación e a produción (oral e escrita).
- Identificar as características dos formatos dos niveis C.

Contidos:

- Brainstorming e mind mapping. Aplicación das técnicas.
- O parágrafo como estrutura básica para construír lingua.
- Modelos de textos.
- Práctica de grupo de expresión escrita e expresión oral.
- Práctica individual do aprendido nas sesión presenciais.
- A autoavaliación como elemento de mellora.

Temporalización:

Unha sesión semanal de dúas horas. Dous grupos independentes:

- Mércores de 17:40 a 19:30.
- Xoves de 11:40 a 13:30.

Data de inicio: mércores 7 e xoves 8 de abril, respectivamente.

Avaliación:

- Inicial dos coñecementos das persoas integrantes dos grupos. Primeiro día.
- Autoavaliación, coavaliación e avaliación das tarefas entregadas polo alumnado.
- Adecuación dos contidos ós obxectivos e ás necesidades: enquisa persoas participantes / memoria da persoa docente encargada.
- Valoración da repercusión do taller no proceso de aprendizaxe: valoración participantes / memoria da persoa docente encargada/persoas docentes encargadas dos niveis C1 e C2.